


Caos urbanístico no Salnés: consecuencias ambientais e sociais

por Víctor Caamaño Rivas

Fai uns anos se dicía que as xentes das Rías Baixas tiñan un nivel de vida aceptable, moito máis aceptable que o seu nivel cultural; é dicir, que eran uns ignorantes integrais pero bastante ben alimentados. Non sabería asegurar canto hai de certo nisto, pero si que cos anos o noso nivel de vida foi aumentando; é algo comprobable, aínda que non teña total seguridade á hora de aseverar se o nivel cultural se incrementou de forma parella. A ignorancia non é necesariamente mala e en ocasións pode resultar unha boa xustificación dos erros cometidos.

Nos últimos trinta anos o crecemento económico no Salnés



e, como consecuencia deste, o urbanístico, non ten precedentes nos tempos pasados. A mellora na nosa economía permitirá que disfrutemos de cousas que noutros tempos nin se nos pasaban pola cabeza. Pero este rápido enriquecemento tamén foi deixando a súa pegada negativa nas nosas paisaxes; os espazos verdes ven reducida as súas dimensións, os poucos montes que quedan alónxanse cada vez máis do mar, a terra é substituída polo asfalto. Din que se trata dun proceso natural de desenvolvemento. O auxe económico trouxo aparelada a especulación, quero dicir que certas persoas pensaron que era o momento de realizar operacións comerciais con ánimo de obter lucro.

cousas. Razoamentos deste tipo trouxéronos o "progreso", sobre todo o progreso das contas correntes dalgúns personaxes. O exemplo de desenvolvemento escollido foi o "estilo Marbella": chalet, piscina, porto deportivo, campo de golf e sol; e nós vestidos de galegos servindo "pescaitos fritos". Grandes urbanizacións como a de San Vicente do Mar, macroportos deportivos como o de Sanxenxo, impresionantes campos de golf como de Monte Castrove, vías rápidas que semellen autopistas e se é posible toda a costa circundada por un impecable paseo marítimo. ¿E quen son os grandes beneficiarios de todo isto?, ¿os que venden os "pescaitos fritos"? ¡Se nin siquiera podemos disfrutar

guén se esquece de que o maior privilexio do Salnés son os recursos e as paisaxes naturais, pero pouco se fai por preservalos cando se busca o enriquecemento rápido sen valorar as consecuencias negativas que este ten para o noso medio e para nós. Non aceptemos a instalación de industrias ficticias nas que se queiman aceites usados (Cerámicas Campo S.L) e que poden ter no futuro un custo ecolóxico, e polo tanto social, de consecuencias impredecibles. Non permitamos a construción de portos deportivos de cincocentas ou seiscientas prazas nas nosas vilas (Sanxenxo, A Toxa) cando ás penas temos embarcacións deste tipo e o que si temos son praias e bancos marisqueiros que se ven negativamente afectados por este tipo de construcións. Digamos non ós indiscriminados paseos marítimos cando esas zonas de costa se poden recuperar con intervencións de escaso custo económico. Esixamos a depuración das augas fecais, pois o mar non é o vertedreiro máximo que fai desaparecer tódolos contaminantes. Protexamos a costa que nos pertence a todos; non permitamos que a xente vaia tomando posesión ilegal dela.

Digamos si ás estradas en condicións, pero pensando que non é posible dispor dun carril para cada vehículo; mellorar o transporte urbano pode ser unha boa saída.

No Salnés somos moitos, cada vez máis e nos meses de verán quizais demasiados; o noso futuro non pasa por reconvertirnos nunha cidade turística. Salnés e natureza deben ser a mesma cousa, por iso temos que optar por un modelo de desenvolvemento menos agresivo; non o de "tipo Marbella" por favor. Sería insoportable.



Na actualidade, os erros xa non se poden achacar á ignorancia, xa non son perdoables. Son producidos por puro interese económico, por puro egoísmo. A doutrina do enriquecemento rápido tamén chegou ó Salnés; o importante na vida son os cartos, aínda que despois hai outras

das nosas praias no verán!. Resulta máis doado ollar a posta de sol desde unha terraza dun bar que desde un acantilado da Lanzada (están ocupados por construcións ilegais).

A nosa inversión máis rendible a longo prazo é a protección da paisaxe e da natureza. Nin-